

## ACTIVIDADES PROGRAMADAS DO 29 DE MAIO AO 16 DE XUÑO

### LUNS 29 DE MAIO

- **PRIMEIRA SESIÓN DO OBRADOIRO DE INICIACIÓN Á FOTOGRAFÍA DIXITAL**

De 17 a 20 horas

Seguintes sesións: 5 e 12 de xuño

CSC Pontepedriña

Con este obradoiro de iniciación á fotografía dixital, facilitado por SQUARE e impartido por Gimena Berenguer Müller, o alumnado aprenderá a manexar a cámara fotográfica, a linguaxe fotográfica e a imaxe dixital.

Ademáis, co programa Lightroom 5, aprenderase a descargar, visionar, seleccionar, editar e procesar as imaxes dixitais de forma rápida e sinxela.

Precisarase acudir con cámara.

### MÉRCORES 31 DE MAIO

- **OBRADOIRO DE COSMÉTICOS NATURAIS**

18:00 horas

LSC Sar

A partir de 16 anos

O emprego de produtos químicos agresivos e contaminantes para a limpeza do fogar e o aseo persoal pode ameazar a nosa saúde ademais de contaminar as augas. Neste obradoiro, Amigos da Terra amosará como facer os nosos propios xabóns, champús e outros produtos de limpeza e hixiene empregando elementos ecolóxicos e locais que proporciona a natureza.

### XOVES 1 DE XUÑO

- **OBRADOIRO “COÑECER O COMERCIO XUSTO A TRAVÉS DA COCIÑA”**

18:30 horas

CSC Vite

De 6 a 12 anos

Solidariedade Internacional de Galicia organiza un obradoiro de repostería infantil no que se empregarán ingredientes de Comercio Xusto e agricultura ecolóxica. Para aprender dende a experiencia e co mandil posto!

### VENRES 2 DE XUÑO

- **OBRADOIRO “O BAÚL DE FRIDA”**

19:15 horas

CSC Conxo

De 8 a 12 anos

“O Baúl de Frida” é un obradoiro infantil de Asemblea de Cooperación pola Paz que, a través da vida e a imaxe de Frida Kalho, propón reflexionar sobre os roles e os estereotipos de xénero e sobre a diversidade sexual.

- **CHARLA SOBRE A EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA “Un migrante na rúa”**

19:30 horas

Fundación Granells

Todos os públicos

A mobilidade humana é un fenómeno global que se deu en todas as épocas da historia e en todos os lugares do mundo. Hoxe, vivimos nunha sociedade plural e complexa na que é imprescindible o respecto e a comprensión [d@s](#) demais. Accem Galicia levará a cabo esta charla que acompañará a exposición “Un migrante na rúa”, aberta do 23 de maio ao 18 de xuño.

## SÁBADO 3 DE XUÑO

- **Cine para desaprender a violencia**

18:00 horas

CSC Sta Marta

De 5 a 9 anos

Cine para divertirse, coñecer unha historia, analizar e resolver conflitos e aprender dende o diálogo. Será da man da ONGD Educo e coa proxección de *Brave*, unha película que mostra como se pode rachar cos estereotipos e roles de xénero.

## LUNS 5 DE XUÑO

- **CHARLA SOBRE A EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA “ Destino Incerto”**

19:00 horas

CSC Trisca

Para todos os públicos

A ONGD Terra de Homes aborda o tema da trata de menores e explica a situación e as consecuencias que padecen nenos e nenas menores en países en conflito. Será a partir dunha charla que acompañará a exposición “Destino Incerto” que, a través dunha visión en positivo, conta como se produce e combate a trata de menores. A exposición estará aberta do 5 ao 11 de xuño.

- **OBRADOIRO DE BANDA DESEÑADA “DOMINICANAS SOMOS”**

19:00 horas

Biblioteca Ánxel Casal

A partir de 12 anos

Neste obradoiro de banda deseñada de Asemblea de Cooperación pola Paz porase en práctica a creación de personaxes e a elaboración dun guión técnico e literario. Tamén se creará e debuxará de forma colectiva unha pequena historia tomando de referencia *Dominicanas Somos*, unha banda deseñada que narra a historia de vida de 3 mulleres protagonistas do desenvolvemento comunitario na República Dominicana.

## MÉRCORES 7 DE XUÑO

- **CHARLA SOBRE A EXPOSICIÓN “Desigualdade e paraísos fiscais”**

19:30 horas

CSC Fontiñas

A ONGD FISC organiza unha charla sobre os paraísos fiscais: que son? onde están? que consecuencias provocan? A charla acompaña a exposición “Desigualdade e paraísos fiscais” que estará aberta do 6 ao 17 de xuño.

#### VENRES 9 DE XUÑO

- **PROYECCIÓN DO DOCUMENTAL “Educar para o cambio”**

19:00 horas

LSC Pontepedriña

Para todos os públicos

“Educar para o cambio” é un documental sobre o dereito á educación en Perú. A peza, que acompaña a exposición “Protagonistas do cambio” e que estará aberta do 29 ao 16 de xuño, mostra un proxecto que a ONGD Educo está a desenvolver no país suramericano a favor dun modelo educativo baseado no desenvolvemento agropecuario e o acceso ás tecnoloxías da información.

- **SÁBADO 10 DE XUÑO**

- **OBRADOIRO DE CIBERACTIVISMO**

11:30 horas

CSC O Ensanche

A partir de 16 anos

Ecos do Sur propón un obradoiro de iniciación ao ciberactivismo en defensa dos Dereitos Humanos a través do deseño e execución dunha microcampaña en redes sociais.

- **OBRADOIRO “O BAÚL DE FRIDA”**

17:30 horas

LSC San Lourenzo

De 8 a 12 anos

“O Baúl de Frida” é un obradoiro infantil de Asemblea de Cooperación pola Paz que, a través da vida e a imaxe de Frida Kalho, propón reflexionar sobre os roles e os estereotipos de xénero e sobre a diversidade sexual.

#### LUNS 12 DE XUÑO

- **CHARLA “Somos Migrantes”**

19:00 horas

Pazo de Fonseca

Para todos os públicos

Na charla organizada por Entreculturas falarase da situación das persoas refuxiadas e migrantes na súa fuxida cara a Europa. Nela participarán Foad Alawi, oftalmólogo sirio residente en Galicia; Felipe Carnotto, fotoxornalista galego; e José Luis Barreiro, xornalista e delegado de Entreculturas Vigo. Ao finalizar a charla farase unha visita guiada pola exposición 'Somos Migrantes', que estará aberta do 1 ao 16 de xuño.

## MARTES 13 DE XUÑO

- **CONTACONTOS**  
19:00 horas  
LSC Cardenal Quiroga  
A partir de 5 anos

Os contos serán o fío condutor para achegar realidades de países empobrecidos dende unha óptica positiva. Será da man de Solidariedade Internacional Galicia.

## MÉRCORES 14 DE XUÑO

- **CONTACONTOS**  
19 horas  
CSC Fontiñas  
A partir de 5 anos

Os contos serán o fío condutor para achegar realidades de países empobrecidos dende unha óptica positiva. Será da man de Solidariedade Internacional Galicia.

## XOVES 15 DE XUÑO

- **CHARLA “Xénero e saúde”**  
19:30 horas  
CSC Sta Marta  
Para todos os públicos

Con esta charla de Farmamundi reflexionarase arredor das desigualdades por motivos de xénero que, de forma global, condicionan e imposibilitan o acceso universal das mulleres e nenas ao dereito á saúde arredor do mundo. A charla acompañará a exposición “Xénero e saúde. Equidade e dereito” que estará aberta do 29 ao 16 de xuño.

## MOSTRA DE CINE DOCUMENTAL CSC O Ensanche

### MARTES 30 DE MAIO

- **Frágil equilibrio** *Premio Goya ao mellor documental 2017*  
Dirixida por Guillermo García López.  
83 minutos  
Todos os públicos  
19 horas

Este documental de Oxfam Intermon entrelaza tres historias: dous executivos xaponeses de Tokyo aos que a súa vida é o traballo; unha comunidade subsahariana que soña con pasar o aramado de Melilla; e varias familias do Estado español que viron como a especulación bancaria e os desafuzamentos truncaron os seus proxectos de vida.

## XOVES 1 DE XUÑO

- **Derecho a un techito**

Dirixida por Asociación Galega de Reporteiros Solidarios  
25 minutos  
A partir de 16 anos  
19:30 horas

En vinte días Raúl e a súa familia durmirán baixo un teito por onde non pasa a choiva. Nin o medo. Un techito que protexerá a Raúl e aos seus fillos por primeira vez na súa vida da violencia, da enfermidade, e da inxustiza que atenaza aos máis pobres de Guatemala. Un techito que lles quite as penas e échalles de forzas para esixir os seus dereitos.

## MARTES 6 DE XUÑO

- **District Zero**

Dirixida por Jorge Fernández Mayoral, Pablo Tosco, Pablo Iraburu  
65 minutos  
Todos os públicos  
19:30 horas

Este documental de Oxfam Intermon fala de muros, de historias reais de persoas residentes en distintos lados de diversos muros: o que separa Sudáfrica de Zimbabue; o aramado entre a India e o Paquistán; o muro entre Estados Unidos e México; os aramados de Ceuta e Melilla...

## XOVES 8 DE XUÑO

- **India, a farmacia do mundo**

Dirixida por Yasmina Solanes  
30 minutos  
A partir de 16 anos  
19:30 horas

O acceso aos medicamentos é un dereito universal. Este documental de Farmamundi explica por que a India se converteu no líder mundial na fabricación de medicamentos xenéricos e segue o proceso legal e social do chamado Caso Glivec, onde Novartis levou ao goberno indio aos Tribunais de Xustiza pola patente deste medicamento contra o cancro.

## MARTES 13 DE XUÑO

- **Historias para contar**

Realizada polo grupo Mirada Feminista  
23 minutos  
A partir de 16 anos  
19:30 horas

Neste documental de Farmamundi, o Colectivo de Mujeres de Matagalpa denuncian, en primeira persoa e a través do teatro, a violencia machista sufrida en Nicaragua. A peza fala dos efectos dos abusos sexuais na saúde das mulleres sobreviventes.

## XOVES 15 DE XUÑO

- **9 días en Haití**

Dirixida por J.A Bayona.

37 minutos

Todos os públicos

19:30 horas

Esta curtametraxe documental de Oxfam Intermon fala sobre o dereito da poboación de Haití a ter unha vida digna a través da mirada de nenos e nenas. A peza tamén defende a importancia da cooperación ao desenvolvemento e a necesidade urxente da súa recuperación.

## EXPOSICIÓNS

- **Un migrante na rúa**

Do 23 de maio ao 18 de xuño

Fundación Granells

SQUARE

- **Xénero e saúde. Equidade e dereito**

Do 29 de maio ao 16 de xuño

CSC Sta Marta

Farmamundi

- **Protagonistas do cambio**

Do 29 de maio ao 16 de xuño

LSC Pontepedriña

EDUCO

- **Desigualdade - fiscalidade**

Do 29 de maio ao 16 de xuño

LSC Sar

Oxfam Intemon

- **Somos Migrantes**

Do 1 ao 16 de xuño

Pazo de Fonseca

Entreculturas

- **As mulleres alimentan o mundo**

Do 1 ao 16 de xuño

CSC Vite

Solidariedade Internacional Galicia

- **Comercio con sentido**

Do 1 ao 16 de xuño

CSC Conxo

Solidariedade Internacional

- **Destino Incerto**

Do 5 ao 11 de xuño

CSC Trisca  
Terra de Homes

- **Desigualdade e paraísos fiscais**

Do 6 ao 17 de xuño

CSC Fontiñas

FISC

## **FEIRA SOLIDARIA**

### **16 de xuño - Praza Roxa**

A Feira Solidaria será un espazo de encontro para visibilizar o traballo das ONG de Desenvolvemento na loita contra as desigualdades e pobreza global; e na que se ofrecerán alternativas para construír, colectivamente, un mundo máis xusto.

Ao longo do día, haberá actividades e postos de venda de produtos de comercio xusto e puntos de información.

#### De 11 a 14 horas

A Feira contará con actividades dirixidas a nenos e nenas dos centros educativos de Compostela.

#### De 17 a 20:30 horas

Pola tarde, haberá actividades aberta para todas as idades:

- obradoiro de construción dun forno solar
- xogos para aprender a consumir responsablemente (Twister do lixo)
- xogos cooperativos
- obradoiro de construción de biofiltros, unha bomba de mecate con materiais reutilizables
- elaboración de chapas
- mapamundi xigante: coñezamos o mundo!